

SOTO, Luís G.: *O labirinto da saudade*, Edicións Laidvento, Santiago de Compostela, 2012, 141p.

Luís G. Soto, profesor de filosofía moral da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, ven de tirar do prelo unha meditación filosófica documentada, amena, de resultados sorprendentes, sobre un dos motivos máis sobranceiros da cultura galego-portuguesa: a saudade. Malia que este tema poida parecer alleo ás “preocupacións do noso tempo”, este libro é unha mostra do contrario: un exemplo de como facer filosofía (mirando para todas as partes, sen perder o punto pivotante, sen deixar de ser intempestivos) no século XXI. Esta razón, sumada ao certo e amplo manexo das fontes, unha escrita coidada con agarimo, e unha composición suxestiva e imaxinativa, fixo que esta obra recibira no ano 2012 o primeiro premio na modalidade de Investigación no XIX certame “Calvalho Calero” que convoca o Concello de Ferrol.

O protagonismo da saudade na cultura de Galicia fica en raíces poéticas: Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Curros Enríquez. Mais xa nas dúas primeiras décadas do século XX é estudada por Porteiro Garea, Xaime Quintanilla, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Rafael Dieste e Xohan V. Viqueira. Logo da polémica provocada en 1927 polo médico Nóvoa Santos, ao equiparar saudade con instinto de morte, a reacción de Plácido Castro en defensa do triplo elo de galeguismo, saudade, vida, torna a saudade ao primeiro plano do debate intelectual. Eduardo Blanco Amor e Castelao, nos anos corenta, e a comezos dos cincuenta Ánxel Fole e Otero Pedrayo, tamén meditan sobre ela. A partir de 1953 cinguen o tema Ramón Piñeiro, García Sabell, Rof Carballo, Salvador Lorenzana, entre outros. Próximos a nós están os traballos do filósofo e teólogo Andrés Torres Queiruga. En Portugal, a saudade tamén é protagonista da cultura. O saudosismo, inaugurado por Teixeira de Pascoas na primeira década do século XX, configúrase como unha potente corrente de renovación artística, social e política, materializada nun notable florecemento da cultura portuguesa, que abarca filosofía, literatura e arte. A día de hoxe a saudade ten suscitado as reflexións dun filósofo laureado como Eduardo Lourenço ou, entre os máis novos e xa no século XXI, Paulo Borges. Xa que logo, cal é a novidade que aporta o libro de Luís G. Soto?

O punto de partida de *O labirinto da saudade* é unha experiencia (padeamento) persoal (singular) do autor (personaxe conceptual) froito de

---

Recibido: 16/06/2013. Aceptado: 28/06/2013.

diversos desprazamentos, viaxes, tránsitos por Galicia e Portugal, durante a infancia e a adolescencia. Unha experiencia (aprendizaxe) que, de vagar, e aínda incompreensible (para o protagonista), envorca ao autor (da escrita), e ao actor (nos achados), nas encrucilladas (labirinto) da saudade (un sentimento confuso, mixto, con puntos cegos). Neste deambular vai encontrándose coas variadas encarnacións (efectuacións) da saudade que a título de marcos, limiares, mesmo elementos que provocan confusión (ao comezo), e claridade (con posterioridade), orientan, na inmanencia, unha vida na/ desde a saudade: filosofía (Ramón Piñeiro, Andrés Torres Queiruga, Paulo Borges), política e cultura (Teixeira de Pascoaes, António Sérgio), filoloxía (Carolina Michaëlis de Vasconcelos), pintura (Henrique Pousão, António Carneiro, Silva Porto), escultura (Soares dos Reis), poesía (Eduardo Pondal, Carvalho Calero, Avilés de Taramancos).

Esta busca (de corte experimental) da consciencia (flosófica) dunha experiencia (poliédrica, difícil de nomear) cobra a forma dun relato en forma de ensaio (autoreflexivo) no que os roteiros (encrucillados dun sentir/pensar que debece pola súa matriz de sentido) gravan na memoria do “eu” autor/actor (escritor) os trazos da busca de sentido (na filosofía), duns encontros afortunados (coa cultura portuguesa e o poeta Eduardo Pondal), e dunha primeira elaboración (a saudade como impotencia de ficar na terra, mais, tamén, como pegada que persiste, resiste, insiste, facéndose, quizais, comunicable, cerna de comunicación).

Algúns fitos sobrancean neste itinerario de autoaclaración do eu reflexivo/saudoso: o mergullo na polémica tecida entre Teixeira de Pascoaes e António Sérgio (arredor do proxecto político saudosista de Teixeira e as súas posteriores matizacións); a análise da escultura “O Desterrado” de Soares dos Reis (centrado na presenza fuxidía de si mesmo, da liberdade propia, e da deficiente instalación na inmanencia); o estudo demorado do poema “A campana d’Anllons” de Eduardo Pondal (no que o duplo xogo de voces da campá e o canto do bergantiñán revelan a inscrición pondaliana na lingua da comunidade que son galegos, galegas, e da sociedade que non son aínda, na vivencia dunha soidade que muda en saúdo e que debece por ser saúde, salvación, persoal e colectiva).

Neste paseo reflexivo o lector é agasallado co descubrimento progresivo (ou construción gradual) dun novo concepto de saudade extraído de todos eses encontros, quitaesenciado da película sobre a que non só se proxectan lecturas e meditacións, senón, tamén, paisaxes, fotos, lugares, itinerancias, estancias e, como non, sensacións, emocións e silencios. O lector tamén é sorprendido cunha conclusión (ou hipótese) totalmente inédita. Cal? A fertilidade da dimensión ético-política da saudade, até o de agora pouco

tratada no pensamento galego (nos nosos eidos a saudade tense investigado, sobre todo, desde tres puntos de vista: estético, psicolóxico, metafísico).

Precisamente a novidade de *O labirinto da saudade* radica en abordala outramente, nas súas dimensións menos evidentes, malia ser as máis produtivas: ética e política. Desde este ángulo, a saudade non é (ou, polo menos, non unicamente, nin no cumio do seu proceso) parva morriña dun lugar, señardade sinxela dunha época pasada, dunha persoa ausente. Non é tristura no tempo nin presenza rabenada. Non é oco, burato, pegada borrada, horizonte de lonxe en transo de esquecemento. Mesmo, tampouco, epifanía dunha esquiua transcendencia (en calquera das súas modalidades). Segundo o autor, a saudade é consciencia da propia soidade, mais acompañada dunha “vontade de sociedade” que se materializa nunha mensaxe comunicativa lanzada aos outros. Mercé á saudade as persoas expresan a súa soidade tentando establecer (ou restablecer) a común sociedade a través da lingua, artes, pensamento, actividade política a prol dun ben común. É a dimensión ética da saudade: camiño de encontro do outro. E a súa faciana política: procura dun contexto solidario que busca un novo contrato (pacto) social.

A saudade non só é un contido comunicativo da poesía, a literatura, as artes, en xeral do discurso artístico, mesmo filosófico. Tamén, e sobre todo, é unha interpelación, unha mensaxe ou sentido susceptible de se producir (tecer) na interpelación. Así, a pasaxe da soidade á sociedade, do sentimento á mensaxe, da sensación ao significado compartido, efectúase a través da comunicación: o suxeito expresa a súa soidade tentando compoñer unha sociedade con outros.

Luís G. Soto atopa na experiencia da saudade un posible percorrido pola “experiencia do recoñecemento”: da propia situación de soidade, do contexto social no que acontece esa soidade, das outras persoas como posibilidade de superación desa situación, da mensaxe da saudade como ruptura do illamento e reactivación da socialidade (durmida, silenciada, alienada). Esta experiencia de recoñecemento encárnase nun chamamento público, político, e, tamén, nunha interpelación persoal, ética. Esta radical immanencia da saudade ten a cualidade de aprendernos que cada persoa pode (e, talvez, debe) encontrar o tempo de audición, contemplación, (isto é, meditación), no que volverse sobre si, descubrirse de novo nas súas perdas e ausencias, e, desde aí, comezar a refacer (e revalorizar) as relacións de convivencia. Se é inelutable a necesidade que temos do outro, e o outro de nós, para facérmonos (descifrármonos) xuntos (con xustiza, na ledicia, a través do xogo) os encrucillados da soidade/socialidade (á que estamos arroxa-dos), a saudade, contemplada desde esta perspectiva, pode (e debe) ser útil.

Se de algo estamos certos é que, despois das tentativas filosóficas (grandes e modestas) emprendidas no século XX, hai que retocar o exercicio filosófico: a filosofía do século XXI debe ser unha arte da construción, resultado de acrisolar experiencia persoal, rigor conceptual, accesibilidade reflexiva, claridade na escrita. Se a filosofía quere significarse no abano dos saberes (con algún resultado), e chegar aos seus receptores naturais (o público non filosófico), requírese este construtivismo. *O labirinto da saudade* de Luís G. Soto acha a fórmula desta alquimia: sinxeleza expositiva erguida á categoría de estilo mercé á súa destreza analítica, paciencia coxitativa e vocación práctica.

Miguel Ángel Martínez Quintanar